



CONCELLO DE POIO

Ref: MC

(Secretaría)

ACTA DA SESION ORDINARIA, NÚMERO CINCOCENTAS VINTE E NOVE REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACION O DÍA VINTE E SEIS DE ABRIL DE DOUS MIL DEZASEIS.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e trinta e cinco minutos do día vinte e seis de abril de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs./as. Concelleiros Xulio Barreiro Lubián, Xosé L. Martínez Blanco, Margarita Caldas Moreira, Lidia Salgueiro Piñeiro, Jose Angel Lodeiro Cancela, Angel Moldes Martínez, Rocío Cochón Castro, Natividad Torres Balea, Cándido Muiños Balea, Manuel Domínguez Álvarez, M^a Consuelo Besada Lores, Gregorio L. Agís Gómez, Rosa Fernández González e Silvia Díaz Iglesias; escusa a non asistencia o Concelleiro Juan José Rodríguez Grandal e a Interventora Municipal Olga Fernández Rodríguez. Actuando a Secretaria Xeral do Concello D^a. Paula Díaz Ramos. Reuníronse en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

4230.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR DO 29 DE MARZO DE 2016, NÚM. 528.- De conformidade co establecido no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais dáse conta do contido da acta anterior do 29 de marzo de 2016, numero 528 e non formulándose observación ningunha á mesma esta queda aprobada polo voto favorable dos quince membros presentes sendo dezasete o seu numero legal de membros.

4231.- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Dáse conta do estado de execución dos asuntos precedentes e que son os que seguen: “4219.- INTERVENCIÓN, RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 5/2016.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Intervención; 4220.- INTERVENCIÓN, SEGUNDA MODIFICACIÓN DO ANEXO DE SUBVENCIONS NOMINATIVAS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse e publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra; 4221.- INTERVENCIÓN, DAR CONTA DA REMISIÓN DE INFORMACIÓN SOBRE PLANS ORZAMENTARIOS 2017-2019.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Intervención; 4222.- INTERVENCIÓN, PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO DO CONCELLO DE POIO EXERCICIOS 2016 – 2017. Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Intervención; 4223.- PATRIMONIO, CONTRATO ARRENDAMENTO LOCAL SITO EN AVDA. SEARA, 29 (LOCAL TELEFÓNICA).- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse á sociedade Telefónica de España, SAU; 4224.- ALCALDÍA, DESENVOLVEMENTO DA IDENTIDADE CORPORATIVA DO CONCELLO DE POIO E O SEU MANUAL DE USO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado á Concellería responsable; 4225.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA A IMPLANTACIÓN DA “ESTRATEGIA 20/20” A PROL DO EMPADROAMENTO E O AUMENTO DE POBOACIÓN ATA ACADAR A CONSIDERACIÓN DE “CONCELLO DE 1^a

CATEGORÍA”.- Uniuse certificación do acordo ao expedient e noti+ ao voceiro do Grupo Municipal Popular; 4226.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO PSG – PSOE, PREACORDO SUBSCRITO POLOS XEFES DO ESTADO E O GOBERNO DA UNIÓN EUROPEA CON TURQUÍA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e procedeuse ao seu arquivo; 4227.- DAR CONTA DO ACORDO 13777 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 22/02/2016. PERSOAL, CONSELLERÍA DE ECONOMÍA EMPREGO E INDUSTRIA, SUBVENCIÓNS OBRADOIROS DE EMPREGO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao departamento de Promoción económica para a súa remisión á Consellería de Emprego; 4228.- MOCIÓN EN RELACIÓN AO PREACORDO SUBSCRITO POLOS XEFES DE ESTADO E O GOBERNO DA UE CON TURQUÍA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente; 4229.- MOCIÓN EN RELACIÓN Á CONSTRUCCIÓN DA EDAR DE POIO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado a Augas de Galicia.”.

A corporación dáse por enterada.

4232.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Pola Secretaria xeral dáse conta das resolucións da alcaldía adoptadas desde o último pleno ordinario e que estiveron a disposición dos membros corporativos xunto cos demais asuntos que figuran na orde do día.

A corporación dáse por enterada.

4233.- PASE A SITUACIÓN DE CONCELLEIRA NON ADSCRITA DE D^a. SILVIA DÍAZ IGLESIAS.- Dáse conta do escrito presentado no Rexistro Xeral con data 20 de abril de 2016 presentado polo responsable local do BNG comunicando o abandono da Concelleira Silvia Diaz Iglesias da formación política coa que concurriu ás pasadas eleccións municipais celebradas en maio de 2015, Bloque Nacionalista Galego.

Consta no expediente informe emitido pola Secretaria Xeral con data 21 de abril de 2016 sobre o réxime xurídico e estatus de Concelleiro/a non adscrito.

Toma a palabra a Sra. Díaz Iglesias, a que explica que unha vez descartada a opción de formar parte como independente pasa a ser concelleira non adscrita da corporación e quere agradecer o traballo do persoal do concello, o traballo das asociacións así como o apoio dos membros corporativos desde o ano 2007. Así mesmo, indica que a súa condición segue sendo nacionalista de esquerdas e que o goberno de Poio segue garantizado, porque o Partido Popular segue co mesmo número de membros.

Verificado o cumprimento do procedemento á seguir indicado no devandito informe o Pleno da Corporación toma coñecemento do pase a situación de Concelleira non adscrita de D^a. Silvia Diaz Iglesias.

4234.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN PARCIAL DAS DELEGACIÓNS CONFERIDAS POR DECRETO DA ALCALDÍA DE DATAS 25/06/2015 E 29/06/2015.- Dáse conta aos membros presentes das Resolucións da Alcaldía de modificación parcial das delegacións conferidas por decreto da alcaldía de datas 25/06/2016 e 29/06/2016 e que se detallan a seguir:

- Resolución de data 21 de abril de 2016 de revocación de delegacións de competencias, delegación da presidencia do Consello Municipal de Cultura e Presidencia da comisión de Cultura, Educación e Deportes outorgadas a D^a. Silvia Diaz Iglesias mediante resolución do 25/06/2015.

- Resolución de data 21 de abril de 2016 de modificación parcial da resolución do 29 de xuño de 2015 de reordenación de delegacións conferidas.

- Resolución de data 21 de abril de 2016 de nomeamento de representante titular e suplente nos Consellos Escolares, Escolas Infantís e Consello Escolar do IES Poio.

- Resolución de modificación parcial da resolución do 25 de xuño de 2015 de delegación da presidencia da Comisión Informativa de Cultura, Educación e Deportes a favor de Lidia Salgueiro

Piñeiro.

– Resolución de modificación parcial da resolución do 25 de xuño de 2015 de delegación da presidencia do Consello Municipal de Cultura a favor de Lidia Salgueiro Piñeiro.

A corporación dáse por enterada.

4235.- DAR CONTA ESCRITOS DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG E CONCELEIRA NON ADSCRITA SOBRE PARTICIPACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS.- Dáse conta do escrito do 21 de abril de 2016 subscrito por Luciano Sobral Fernández, Xulio Barreiro Lubián, Xosé Luis Martínez Blanco, Margarita Caldas Moreira, Lidia Salgueiro Piñeiro e José Ángel Lodeiro Cancela que manifestan:

Que o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego queda integrado tras o abandono de Silvia Díaz Iglesias polos membros que arriba se indican da formación política na que concorreron nas referidas eleccións municipais de maio de 2015.

Que designan como Voceiro do Grupo Municipal do BNG a D. Xulio Barreiro Lubián e voceiros suplentes ao resto dos concelleiros que integran o Grupo Político.

Adscribir como representantes do Grupo Municipal do BNG aos membros que se detallan a seguir nas seguintes Comisións Informativas Permanentes:

Comisión Informativa de Educación, Cultura e Deportes: Titulares: Lidia Salgueiro Piñeiro, Xosé A. Lodeiro Cancela, Margarita Caldas Moreira Suplentes: Xosé Luís Martínez Blanco, Xulio Barreiro Lubián.

Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas: Titulares: Xulio Barreiro Lubián, Xosé Luis Martínez Blanco, Margarita Caldas Moreira Suplentes: Lidia Salgueiro Piñeiro, José A. Lodeiro Cancela.

Comisión Informativa de Urbanismo: Titulares: Xulio Barreiro Lubián, Xosé Luis Martínez Blanco, Margarita Caldas Moreira Suplentes: Lidia Salgueiro Piñeiro, José A. Lodeiro Cancela.

Comisión Informativa de Patrimonio: Titulares: Xulio Barreiro Lubián, Xosé Luis Martínez Blanco, Margarita Caldas Moreira Suplentes: Lidia Salgueiro Piñeiro, José A. Lodeiro Cancela.

Así mesmo dáse conta do escrito presentado por D^a. Silvia Díaz Iglesias en calidade de concelleira non adscrita na que manifesta a súa vontade de formar parte das seguintes comisión informativas: Comisión Informativa de Educación, Cultura e Deportes, Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas, Comisión Informativa de Urbanismo e Comisión Informativa de Patrimonio.

A Corporación dáse por enterada.

4236.- INTERVENCIÓN, INFORME CUMPRIMENTO DO ARTIGO 10 DA LEI 25/2013 D IMPULSO DA FACTURA ELECTRÓNICA E ARTIGO 4º DA LEI 5/2010, DE 5 DE XULLO.- Dáse conta do expediente tramitado e que foi sometido a consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada con data 18 de abril de 2016 emitíndose o seguinte ditame: “Dáse conta do informe de Intervención e Tesourería de data 1 de abril de 2016 da previsión establecida

no artigo 10 da Lei 25/2013, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público e no artigo 4 Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade en operacións comerciais.

Por parte da interventora municipal dáse conta do contido do expediente manifestando que: 1º) que constan rexistradas antes do 31 de marzo de 2016, 0 facturas pendentes de aprobación con data de rexistro contable anterior ao 1 de xaneiro de 2016 e 2º) que as facturas que se atopan a 31 de marzo de 2016 pendentes de abono fora do período legal de pago ascenden a 10 facturas e a un total de 17.927,94€; por outra parte, as facturas pendentes de pago dentro do prazo de pago ascendían a 73 facturas e a unha cantidade total de 198,331,03 € .

Así, o período medio pendente de pago das facturas aprobadas (PMPP) ascendeu no primeiro trimestre do exercicio 2016 segundo o cálculo efectuado polo programa contable existente, salvo erro ou omisión involuntaria, a 15,76 días.

Ademais os pagos realizados no primeiro trimestre do exercicio 2016 dentro do período legal de pago ascendían, a 31 de marzo de 2016, a un total de 900 facturas e a unha cantidade total de 1.046.308,08 euros e os pagos realizados fóra do período legal de pago ascendían, a 31 de marzo, a un total de 450 facturas e a unha cantidade total de 819.670,32 euros.

Así, o período medio de pago (PMP) ascendeu no primeiro trimestre de 2016, segundo o cálculo efectuado polo programa contable existentes, salvo erro ou omisión involuntario, a 73,54.

Do informe deberá darse conta ao Pleno da Corporación e foi remitido ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas o día 1 de abril de 2016.

A Comisión dáse por enterada.”.

Non suscitándose debate ningún a Corporación dáse por enterada do contido do informe de Intervención e Tesourería de data 1 de abril de 2016 e trámite realizado.

4237.- INTERVENCIÓN, DAR CONTA DO INFORME EN CUMPRIMENTO DO ARTIGO 218.1 DO REAL DECRETO 2/2004, DE 5 DE MARZO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE FACENDAS LOCAIS.- Dáse conta do expediente tramitado e que foi sometido a consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada con data 18 de abril de 2016 emitíndose o seguinte ditame: “Dáse conta do expediente o e do informe da Intervención Municipal de data 10 de marzo de 2016 no que se expón un resumo dos informes de reparo suspensivos emitidos durante o exercicio 2015 sendo o total 51.

A interventora municipal pon de manifesto que os citados reparos foron remitidos ao Consello de Contas de Galicia o día 29 de marzo de 2016.

A Comisión dáse por enterada.”.

A Corporación dáse por enterada do contido do informe e do trámite realizado.

4238.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN NÚM. 8/2016, SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS. AMORTIZACIÓN DÉBEDA.- Dáse conta do expediente tramitado e que foi sometido a consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada con data 18 de abril de 2016 emitíndose o seguinte ditame: “Dáse conta do expediente, da Proposta da Alcaldía e do informe da Intervención Municipal de data 13 de abril de 2016.

A interventora municipal explica o contido do expediente manifestando que o expediente que se propón para a súa aprobación é unha modificación de presuposto mediante suplemento de crédito por importe de 73.000€ xa que as aplicacións onde se pretende dotar crédito non presentan dotación orzamentaria suficiente no orzamento do exercicio 2016 para proceder a unha amortización de débeda con carácter extraordinario non prevista no Orzamento vixente.

A Comisión por 4 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 4 abstencións do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a adopción dos seguintes acordos: 1º) Proceder a aprobar a modificación orzamentaria nº 8/2016 mediante suplemento de crédito financiado con remanente de tesourería para gastos xerais, na aplicación do estado de gastos 011.91000 “Débeda pública. Amortizacións” por importe de 73.000€. 2º) Que se someta ao trámite de información pública a

aprobación do expediente de modificación orzamentaria tal como se establece na lexislación aplicable e 3º) Unha vez aprobada definitivamente a modificación orzamentaria que se propón, se proceda á realización do expediente de amortización de débeda polo importe de 73.000€ tal como procede, previo informe da intervención municipal ou da Tesourería relativo a determinar cal das operacións vixentes debe ser amortizada parcialmente na contía exposta segundo o tipo de interese das mesmas.”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (6 BNG, 3 PSOE e 1 Concelleira Non adscrita), ningún voto en contra e 7 abstencións do PP aprobouse o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Proceder a aprobar a modificación orzamentaria nº 8/2016 mediante suplemento de crédito financiado con remanente de tesourería para gastos xerais, na aplicación do estado de gastos 011.91000 “Débeda pública. Amortizacións” por importe de 73.000€.

Segundo: Que se someta ao trámite de información pública a aprobación do expediente de modificación orzamentaria tal como se establece na lexislación aplicable. Unha vez aprobada definitivamente a modificación orzamentaria que se propón, se proceda á realización do expediente de amortización de débeda polo importe de 73.000€ tal como procede, previo informe da intervención municipal ou da Tesourería relativo a determinar cal das operacións vixentes debe ser amortizada parcialmente na contía exposta segundo o tipo de interese das mesmas.

Terceiro: Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

4239.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN NÚM. 9/2016, SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS. INVESTIMENTOS FINANCEIROS SOSTIBLES.- Dáse conta do expediente tramitado e que foi sometido a consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada con data 18 de abril de 2016 emitíndose o seguinte ditame: “Dáse conta do expediente, da Memoria da Alcaldía, do informe da Intervención Municipal, enxeñeiro municipal e da Proposta da Alcaldía de data 14 de abril de 2016 que, textualmente, di o seguinte: “Visto o expediente proposto, consistente na modificación orzamentaria nº9/2016 mediante suplemento de crédito financiado con remanente de tesourería para gastos xerais, derivado da existencia de dous proxectos de investimento que poden tratarse como inversións financeiramente sostibles, segundo queda xustificado nas Memorias de Alcaldía que se xuntan ó presente expediente de datas 14 de abril de 2016.

Visto o informe de emitido pola interventora municipal de data 14 de abril de 2016.

Ante a necesidade de dotar crédito para os gastos que se mencionan na Memoria de Alcaldía para os cales non existe crédito suficiente e adecuado no vixente Orzamento, PROPOÑO :

Primeiro.- que os investimentos para os que se propoñe a realización da modificación orzamentaria: “Pavimentación e reposición de servizos nos camiños municipais Avenida Principal, Camiño As Laxes e Camiño Estanco Vello” e : “Pavimentación e reposición de servizos en Camiño Pomar e Camiño Teinogueira” , segundo a información contida no informe do enxeñeiro municipal obrante no expediente, na Memoria de Alcaldía e no informe de Intervención, sexan declarados como investimentos financeiramente sostibles.

Segundo: proceder a aprobar a modificación orzamentaria nº9/2016 mediante suplemento de crédito financiado con remanente de tesourería para gastos xerais, nos conceptos e contías que figuran na memoria de Alcaldía por importe total de 263.555,04€ segundo o seguinte detalle:

Altas en Aplicacións de Gastos

Aplicación	Denominación	Importe
1532.61900	Pavimentación vías públicas. Investimentos reposición bens destinados o uso xeral	180.357,09 €
1532.61900	Pavimentación vías públicas.	83.197,95 €

	Investimentos reposición bens destinados o uso xeral	
	TOTAL	263.555,04 €

Terceiro: que se someta ao trámite de información pública a aprobación do expediente de modificación orzamentaria tal como se establece na lexislación aplicable.“

A interventora municipal explica o contido do expediente manifestando que o expediente que se propón para a súa aprobación é unha modificación de presuposto mediante suplemento de crédito por importe de 263.555,04€ xa que as aplicacións onde se pretende dotar crédito non presentan dotación orzamentaria suficiente no orzamento do exercicio 2016 para levar a cabo os investimentos propostos.

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e abstención e 4 abstencións do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a adopción dos seguintes acordos: 1º) que os investimentos para os que se propoñe a realización da modificación orzamentaria: “Pavimentación e reposición de servizos nos camiños municipais Avenida Principal, Camiño As Laxes e Camiño Estanco Vello” e : “Pavimentación e reposición de servizos en Camiño Pomar e Camiño Teinogueira”, segundo a información contida no informe do enxeñeiro municipal obrante no expediente, na Memoria de Alcaldía e no informe de Intervención, sexan declarados como investimentos financeiramente sostibles. 2º) proceder a aprobar a modificación orzamentaria nº9/2016 mediante suplemento de crédito financiado con remanente de tesourería para gastos xerais, nos conceptos e contías que figuran na memoria de Alcaldía por importe total de 263.555,04€ segundo o seguinte detalle:

Altas en Aplicacións de Gastos

Aplicación	Denominación	Importe
1532.61900	Pavimentación vías públicas. Investimentos reposición bens destinados o uso xeral	180.357,09 €
1532.61900	Pavimentación vías públicas. Investimentos reposición bens destinados o uso xeral	83.197,95 €
	TOTAL	263.555,04 €

3º) que se someta ao trámite de información pública a aprobación do expediente de modificación orzamentaria tal como se establece na lexislación aplicable.”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (6 BNG, 3 PSOE e 1 Concelleira Non adscrita), ningún voto en contra e 7 abstencións do PP apróbase o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Que os investimentos para os que se propoñe a realización da modificación orzamentaria: “Pavimentación e reposición de servizos nos camiños municipais Avenida Principal, Camiño As Laxes e Camiño Estanco Vello” e : “Pavimentación e reposición de servizos en Camiño Pomar e Camiño Teinogueira”, segundo a información contida no informe do enxeñeiro municipal obrante no expediente, na Memoria de Alcaldía e no informe de Intervención, sexan declarados como investimentos financeiramente sostibles

Segundo: Proceder a aprobar a modificación orzamentaria nº9/2016 mediante suplemento de crédito financiado con remanente de tesourería para gastos xerais, nos conceptos e contías que figuran na memoria de Alcaldía por importe total de 263.555,04€ segundo o seguinte detalle:

Altas en Aplicacións de Gastos

Aplicación	Denominación	Importe
------------	--------------	---------

1532.61900	Pavimentación vías públicas. Investimentos reposición bens destinados o uso xeral	180.357,09 €
1532.61900	Pavimentación vías públicas. Investimentos reposición bens destinados o uso xeral	83.197,95 €
	TOTAL	263.555,04 €

Terceiro: Someter ao trámite de información pública a aprobación do expediente de modificación orzamentaria tal como se establece na lexislación aplicable.

Terceiro: Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

4240.- TURISMO, CANDIDATURA ENCONTRO DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS DE GALICIA ANO 2017.- Dáse conta do expediente tramitado a proposta do Concelleiro Delegado de Turismo de data 12 de abril de 2016 de presentación da Candidatura de Poio como sede do Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia (EETG) e que foi sometido a consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada con data 18 de abril de 2016 emitíndose o seguinte ditame: “Dáse conta do expediente e da proposta do Concelleiro Delegado de Turismo do Concello de Poio de data 12 de abril de 2016 que textualmente di o seguinte: “En colaboración coa Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial, D. Xosé Luís Martínez Blanco, concelleiro delegado de Turismo do Concello de Poio presenta para aprobación pola Comisión Informativa de Facenda e posterior traslado ao Pleno da Corporación a súa proposta segundo a solicitude efectuada polo Clube Mariño a Reiboa de:

Presentación da candidatura de Poio como sede do ENCONTRO DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS DE GALICIA (EETG) do vindeiro ano 2017, de acordo coas bases adxuntas para a presentación das candidaturas.

O respaldo do Concello de Poio a este Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia implica un documento de aprobación (anexo II), no que se inclúen os seguintes puntos:

- Acordo do Pleno da Corporación comprometéndose á colaboración do Concello co Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia.

- A aceptación das bases e do carácter e obxectivos do EETG.

- Integración do Goberno Municipal na Comisión Permanente do Comité Organizador.

- Unha achega económica mínima que ha de figurar no orzamento municipal, e o compromiso de colaborar activamente na procura de axudas e subvencións doutras administracións e entidades ou empresas.

- O compromiso de poñer ao servizo do EETG elementos de loxística e dotacionais e humanos necesarios para o desenvolvemento das distintas actividades. Valorarase a máxima concreción destes elementos, así coma a achega de actividades acaídas ao evento.

- Neste sentido, consonte a experiencia das edicións pasadas serán elementos imprescindibles no EETG dos que o Concello puidese dispoñer: Oferta de aloxamento gratuíto para tripulantes e outros participantes (pavillón, zona de acampada, estacionamentos), espazos e edificios públicos para o desenvolvemento de actividades (exposicións, mostras, relatorios..), elementos dotacionais diversos (palcos, megafonías, colectores de lixo e sanitarios), persoal municipal, achega dalgunhas actividades (culturais en xeral, agrupacións musicais, visitas guiadas..).“.

A Sra. Besada Lores pregunta se se fixo un estudo do gasto.

O Sr. Martínez Blanco respóndelle que aínda non dou tempo de facelo, intentarase telo preparado para o Pleno.”.

Antes de proceder á votación da devandita proposta toma a palabra o Sr. Martínez Blanco explicando aos asistentes que o acordo que se adopte é de apoio á candidatura, da que todos os grupos municipais son coñecedores xa que o sábado tivo lugar unha reunión co Clube Mariño a Reiboa, no que estiveron presentes, e que despois tocará dotar economicamente pero sería para os orzamentos que se

elaboren non 2017.

Sometido a votación a proposta do Concelleiro de Turismo esta queda aprobada polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: - Manifestar o respaldo do Concello de Poio ao Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia comprometéndose á colaboración do Concello co devandito Encontro.

- Aceptar as bases e do carácter e obxectivos do EETG.
- Integración do Goberno Municipal na Comisión Permanente do Comité Organizador.
- Achega económica mínima que ha de figurar no orzamento municipal, e o compromiso de colaborar activamente na procura de axudas e subvencións doutras administracións e entidades ou empresas.

- Compromiso de poñer ao servizo do EETG elementos de loxística e dotacionais e humanos necesarios para o desenvolvemento das distintas actividades. Valorarase a máxima concreción destes elementos, así coma a achega de actividades acaídas ao evento.

- Neste sentido, consonte a experiencia das edicións pasadas serán elementos imprescindibles no EETG dos que o Concello puidese dispoñer: Oferta de aloxamento gratuíto para tripulantes e outros participantes (pavillón, zona de acampada, estacionamentos), espazos e edificios públicos para o desenvolvemento de actividades (exposicións, mostras, relatorios..), elementos dotacionais diversos (palcos, megafonías, colectores de lixo e sanitarios), persoal municipal, achega dalgunhas actividades (culturais en xeral, agrupacións musicais, visitas guiadas..).

Segundo: Dar traslado do presente acordo ao Club Mariño A Reiboa.

4341.- PATRIMONIO, APROBACIÓN DEFINITIVA ESCOLA EDUCACIÓN INFANTIL TARRÍO (SAMIEIRA) POR SUPRESIÓN DO CENTRO.- Dáse conta do expediente tramitado e que foi sometido a consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada con data 18 de abril de 2016 emitíndose o seguinte ditame: “Dáse conta do expediente e da Proposta da Alcaldía de data 13 de abril de 2016 que, textualmente, di o seguinte: “Con data 26 de xaneiro de 2016 mediante acordo número 4200 adoptado polo Pleno desta Corporación aprobouse inicialmente á desafectación do Inmable (construción e parcela) sito en camiño Tarrío 1 de Samieira destinado a Escola Infantil de Tarrío.

Con data 04 de febreiro de 2016 publícase o correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 23 e unha vez rematado o prazo dun mes, de información pública ao que fai referencia dito anuncio, non se presentan alegacións ou reclamacións ningunha o mesmo segundo consta na certificación incorporada ao expediente con data 06 de abril de 2016.

Así mesmo, consta no expediente autorización previa emitida pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria por entender que non é necesaria para uso educativo ao que está destinada que tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello o 05 de abril de 2016.

Tendo en conta, o anteriormente exposto propónse a adopción do seguinte ditame:

Primeiro: Prestar aprobación á desafectación definitiva do ben inmable (construción e parcela) de referencia catastral 1666231NG2916N0001ZF sito en cmño. Tarrío, 1 de Samieira, ao non ser necesario uso educativo, pasando a ser un ben patrimonial de propios.

Segundo: Que, polo Servizo de Patrimonio do Concello, se procedan a realizar as modificacións nesarias no Inventario de Bens e Dereitos.

Terceiro: Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.”

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou dictaminar favorablemente a proposta da Alcaldía e propor ao Pleno a súa aprobación e que se sigan os trámites legais procedentes.”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Prestar aprobación á desafectación definitiva do ben inmovible (construción e parcela) de referencia catastral 1666231NG2916N0001ZF sito en cmño. Tarrío, 1 de Samieira, ao non ser necesario uso educativo, pasando a ser un ben patrimonial de propios.

Segundo: Que, polo Servizo de Patrimonio do Concello, se procedan a realizar as modificacións necesarias no Inventario de Bens e Dereitos.

Terceiro: Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

4242.- INFORME SOBRE VALORACIÓN DO SERVIZO REALIZADO POR VALORIZA BASEADO NOS INFORMES DE INTOCONSULTING MES MARZO 2016.- Dáse conta do expediente e do ditame emitido con data 18 de abril de 2016 pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas e que di textualmente: “Dáse conta do informe elaborado polo enxeñeiro municipal, de data 14 de abril de 2016 que, textualmente, di o seguinte:” **INFORME DO ENXEÑEIRO**

ANTECEDENTES

- Informe do enxeñeiro titulado “INFORME DE TRANSFERENCIA DE ACTIVOS DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE R.S.U. A VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES”, de data 20/05/2015.
- Informe do enxeñeiro titulado “INFORME SOBRE O PERÍODO DE TRANSICIÓN DA NOVA EMPRESA CONCESIONARIA DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RSU, VALORIZA”, de data 15/06/2015. (Data de rexistro de saída: 15/06/2015).
- Escrito de Valoriza Servicios Medioambientales, S.A. con data 26/06/2015 que leva por título “PROPUESTA DE ADAPTACIÓN Y MEJORA DE LOS MEDIOS PARA LA REALIZACIÓN DEL SERVICIO DE RECOGIDA DE RSU Y LIMPIEZA VIARIA DEL CONCELO DE POIO”. (Data de rexistro de entrada: 30/06/2015).
- Informe do enxeñeiro “PROPOSTA DE ADAPTACIÓN E MELLORA DOS MEDIOS PARA A REALIZACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RSU E LIMPEZA VIARIA DO CONCELO DE POIO” de data 16/06/2015.
- Informe do enxeñeiro titulado “REFORMULACIÓN DAS PROPOSTAS DE ADAPTACIÓN E MELLORA DOS MEDIOS PARA A REALIZACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RSU E LIMPEZA VIARIA DO CONCELO DE POIO”, de data 06/08/2015. (Data de rexistro de saída: 07/08/2015).
- Oficio da alcaldía sobre o asunto “ENTREGA A VALORIZA SISTEMAS MEDIOAMBIENTALES, S.A. DA DOCUMENTACIÓN DOS VEHÍCULOS DE RECOLLIDA DE RSU E LIMPEZA VIARIA EN ACTIVO QUE CESPAS, S.A. REVERTEU Ó CONCELO DE POIO”, de data 10 de agosto de 2015. (Data de rexistro de saída: 10/08/2015).
- Acta de “ENTREGA A VALORIZA SISTEMAS MEDIOAMBIENTALES, S.A. DA DOCUMENTACIÓN DOS VEHÍCULOS DE RECOLLIDA DE RSU E LIMPEZA VIARIA EN ACTIVO QUE CESPAS, S.A. REVERTEU Ó CONCELO DE POIO” asinada polo enxeñeiro municipal e polo xefe de servizo de Valoriza Servicios Medioambientales, S.A., de data 12/08/2015.
- Informe do enxeñeiro titulado “ACORDOS E COMPROMISOS RELATIVOS Ó SERVIZO DE RECOLLIDA DE RSU E LIMPEZA VIARIA DO CONCELO DE POIO”, de data 13/10/2015. (Data de rexistro de saída: 14/10/2015).
- Escrito de Valoriza Servicios Medioambientales, S.A. con data 20/10/2015 que leva por título: CRONOGRAMA DE INCORPORACIÓN DE LA MAQUINARIA Y CONTENEDORES AL “SERVICIO DE RECOGIDA DE RSU Y LIMPIEZA VIARIA DEL CONCELO DE POIO” POR PARTE DE VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES. (Data de rexistro de entrada: 20/10/2015).
- Escrito emitido desde o Concello de Poio a ECOEMBES sobre o asunto: DELEGACIÓN DE FLUJOS ECONÓMICOS EN LA EMPRESA QUE REALIZARÁ EL SERVICIO DE

RECOGIDA DE ENVASES LIGEROS DEL CONCELLO DE POIO”. (Data de rexistro de saída: 27/10/2015).

- Escrito de Valoriza Servicios Medioambientales, S.A. con data 29/10/2015 que leva por título: IMPLANTACIÓN DE LAS MEJORAS RECOGIDAS EN LA OFERTA PRESENTADA POR VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES PARA EL “SERVICIO DE RECOGIDA DE RSU Y LIMPIEZA VIARIA DEL CONCELLO DE POIO”. (Data de rexistro de entrada: 30/10/2015).
- Informe do enxeñeiro titulado “CONTESTACIÓN A SU ESCRITO EN REALIZACIÓN A COMPROMISOS DE INCORPORACIÓN DE MAQUINARIA Y OTROS RELATIVOS AL SERVICIO DE RECOGIDA DE RSU Y LIMPEZA VIARIA DEL CONCELLO DE POIO. ”, de data 09/11/2015. (Data de rexistro de saída: 09/11/2015).
- Escrito de Valoriza Servicios Medioambientales, S.A. con data 18/11/2015 que leva por título: COMPROMISOS DE INCORPORACIÓN DE MAQUINARIA Y OTROS RELATIVOS AL SERVICIO DE RECOGIDA DE RSU Y LIMPIEZA VIARIA DEL CONCELLO DE POIO. (Data de rexistro de entrada: 18/11/2015).
- Informe do enxeñeiro titulado “INFORME DO ESTADO ACTUAL DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RSU ADXUDICADO A VALORIZA”, de data 18/11/2015.
- INFORMES DE INTO VALORANDO O SERVIZO DE VALORIZA CORRESPONDENTE AOS MESES DE OUTUBRO E NOVEMBRO.
- INFORMES DE INTO VALORANDO O SERVIZO DE VALORIZA CORRESPONDENTE AOS MESES DE DECEMBRO DE 2015, XANEIRO E FEBREIRO DE 2016.

INFORME

MES DE MARZO 2016

Recibido e estudiado o informe de INTO Consulting relativos a valoración do servizo levado a cabo por VALORIZA do mes de marzo de 2016, pódese concluír que no mes de MARZO a empresa VALORIZA ten pendente de incorporar un camión grúa, un camión recolector de carga traseira e a colocación de papeleras e anclaxes para os colectores o que resulta da inversión comprometida a amortización e financiación, nun valor de 3.096,00 €

Por outra banda a valoración dos servizos comprometidos e non realizados por VALORIZA correspondentes a tratamentos de limpeza viaria arrojan un balance de 8 xornadas non executadas o que se valora en 1.007,79 €

En conclusión podese deducir da facturación o importe correspondente ao mes de marzo de 4.103,79 € (sin I.V.A) correspondendo esta cantidade ao incumprimento na inversión comprometida e as xornadas de limpeza viaria non executadas durante o mes de Marzo.

Resumen das cantidades a deducir:

Mes de Marzo 2016 4.103,79 €

Se adxunta informe da empresa Into, onde se detalla a orixe das cantidades deducidas.

E para que así conste, e a todos os efectos oportunos, emítese o presente informe en Poio, a 14 de abril de 2016”

A Comisión dáse por enterada.”

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación dáse por enterada do contido do informe emitido polo Enxeñeiro Municipal.

4243.- DAR CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NÚMERO 13942, RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POR VALORIZA SERVICIOS AMBIENTALES, SA DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E LIMPEZA.- Dáse conta do expediente e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 18 de abril de 2016 no que se deu conta do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local número 13942 adoptado con data 11 de abril de 2016 e que di textualmente: “13942.- SERVICIO DE RECOLLIDA DE RESÍDUOS SÓLIDOS URBANOS E LIMPEZA. RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POR VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A..-Previa

declaración de urxencia polo voto favorable dos seis membros presentes sendo seis o seu número total de membros e de conformidade co disposto no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais dáse conta do recurso presentado por Valoriza Servicios Mediambientales, S.A., con data 26 de febreiro de 2016 contra o acordo adoptado pola xunta de Goberno local de 25 de xaneiro de 2016 no que entre outros pronunciamentos se prestaba aprobación á dedución dun importe de 28.566,83 euros da factura nº 14 correspondente ao cuarto bimestre de 2015 (1ª liquidación).

Obra para tal efecto no expediente informe de intervención de 17 de marzo de 2016:

“**ASUNTO:** recurso ordinario de reposición presentado pola empresa Valoriza Servicios Medioambientales S.A que interpón fronte o acordo de Xunta de Goberno Local de data 25 de xaneiro de 2016 no que se acorda aprobar a Liquidación a favor do Concello correspondente o cuarto bimestre exercicio 2015 así como aprobar a factura nº14 emitida pola mencionada empresa por importe de 118.728,46€ relativa a prestación de servizos no mencionado cuarto bimestre, acordando deducir unha determinada contía na factura a aboar en virtude do contido do acordo plenario nº4189 de data 29 de decembro de 2016.

ANTECEDENTES:

Acordo plenario 4189 de data 29 de decembro de 2016 no que, previos informes do enxeñeiro municipal, e previos informes da empresa contratada INTO CONSULTING se acorda deducir o importe de 28.546,83€ a empresa Valoriza Servicios Medioambientales S.A na seguinte factura que corresponda aboar a concesionaria do contrato de xestión de servizo público de prerrecollida, recollida, transporte e transferencia de residuos sólidos urbanos, limpeza viaria e lavado e limpeza de contedores no termo municipal de Poio.

Acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 25 de xaneiro de 2016 no que, con relación a liquidación dos Padróns R.S.U cuarto bimestre de 2015 (1ª Liquidación)se acorda:

“1º.- Aprobar a liquidación anterior a favor do Concello, ascendendo o importe da mesma a cantidade de 193.443,02€.

2º.- Aprobar a factura nº14 emitida con data 13/01/2016 por importe de 118.728,46€ correspondentes o cuarto bimestre de 2015 (1ªliquidación) aplicando un desconto por importe de 28.546,83€ segundo acordo plenario nº4189 de data 29 de decembro de 2015 en virtude dos datos deducidos dos informes emitidos pola empresa INTO CONSULTING correspondentes a prestación do servizo no mes de outubro e no mes de novembro de 2015 e do informe emitido polo enxeñeiro municipal con data 23 de decembro de 2015.”

- A factura nº14 emitida pola empresa Valoriza Servizos Medioambientales S.A con data 13/01/2016 por importe de 118.728,46€ ,correspondentes o cuarto municipal, foi pagada por este Concello con data 2 de febreiro de 2016, por importe de 90.181,63€ (importe resultante da minoración do importe da factura no importe do desconto aprobado de 28.546,83€).

En virtude do exposto, e con relación o contido do recurso de reposición interposto, Olga Fernández Rodríguez, interventora do Concello de Poio, emite o seguinte **INFORME:**

Primeiro: no “motivo” primeiro do recurso ordinario de reposición interposto se fai mención por parte da recurrente o réxime de pagos previsto no Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexeu o procedemento de contratación, en concreto, na cláusula 21ª. A factura nº14 emitida pola empresa recurrente con data 13/01/2016, por importe de 118.728,46€ , correspondente o cuarto bimestre de 2015 (1ªliquidación), era conforme ao modo de pago establecido na cláusula 21ª do mencionado PCAP (tal como se informou por esta Intervención con data 20 de xaneiro de 2016) correspondendo así o importe a favor da concesionaria a suma do importe cobrado no correspondente bimestre pola taxa de recollida de residuos (81.342,74€) e o diferencial (constituído pola diferenza entre o prezo bimestral a pagar polo Concello, 115.923,92€, e o importe do Padrón de recollida de lixo, 89.331,70€) incrementado co I.V.E do 10%; é dicir, o importe da factura (sen IVE) ascendía a 107.934,96€, e, IVE incluído, a 118.728,46€.

Como previamente se explicou, sobre esta contía se aplicou o desconto aprobado mediante acordo plenario nº4189 (de data 29 de decembro de 2015) en virtude dos informes técnicos obrantes no expediente, deconto que ascendía o importe de 28.546,83€.

A cláusula 21ª do PCAP establece o seguinte: “(...) *Sobre o importe total se aplicarán, se*

procede, as deduccións por traballos non realizados, por deficiencias na calidade da prestación así como as correspondentes deduccións por sancións impostas” tal como se recolle no propio recurso ordinario de reposición presentado, é dicir, que aínda que a cláusula 21ª comence dicindo que a retribución que Administración deberá aboar o concesionario pola explotación do servizo obxecto da concesión será conforme coa proposición económica aprobada, a continuación explica a forma de pago desta retribución, explicando cómo se calcula e facultando o órgano contratante a aprobar, no caso proceder, a aplicación de descontos.

Segundo: no mesmo “motivo” primeiro do recurso a empresa recorrente expón: “Si bien la factura se emite y se aprueba por el importe de 118.728,46€ indicado, cantidad recaudada a los usuarios por vía ordinaria, lo cierto es que queda pendiente de abono al concesionario el importe que se recaude con posterioridad en vía de apremio por los usuarios que no lo hubieran abonado en período voluntario y que será objeto de la correspondiente regulación. Igualmente, queda pendiente de abono al concesionario el importe que no se consiga recaudar ni por vía ordinaria ni incluso por vía de apremio de determinados usuarios, cantidad esta que deberá ser abonada por el Concello al concesionario en una nueva regularización y que deberá completar el importe que éste debe cobrar conforme a su propuesta económica, aceptada en su día por el Concello”.

Con respecto a esta última afirmación esta Intervención amosa a súa disconformidade por non ser conforme o sistema de retribución e pago previsto no Prego de cláusulas administrativas particulares que rexeu a contratación, o cal é vinculante. Se ben é certo que os importes que se recaden con posterioridade o período voluntario (importes que serven de base para o cálculo da factura inicial como se indica previamente neste informe), e sexan recadados por vía de constreñemento, darán lugar a novas liquidacións e facturas a aprobar polo Concello contratante, o que non é certo é que o importe que non se consiga recadar (nin en vía voluntaria nin en executiva) teña que ser aboada polo Concello como nova regularización xa que esta afirmación non ten amparo nos pregos que rexeron a contratación.

Con relación a esta cuestión xa se manifestou esta Intervención no seu informe emitido con data 14 de abril de 2014 relativo o expediente de contratación da xestión indirecta concesional dos servizos públicos de prerrecollida, recollida, transporte e transferencia de residuos sólidos urbanos (sólidos e selectiva), limpeza viaria, desratización e lavado e limpeza de contedores e papeleiras do Concello de Poio. No mencionado informe se dicía o seguinte:

“(.) Seguindo con este tema, a forma de pago, que ven fixada na cláusula 21ª do PCAP, se establece de forma que as facturas que bimestralmente terán que emitir o concesionario conterán as seguintes estipulacións: por unha parte a recadación do último padrón de recollida de lixo posto o cobro e, por outra, a diferenza entre a sexta parte do valor de adxudicación e o importe do padrón por recollida de lixo que aprobe a Xunta de Goberno Local; polo que a retribución do concesionario dependerá do número de impagados no servizo de recollida o cal parece encaixar coa modalidade de xestión indirecta dun servizo público na modalidade de concesión na que os empresarios particulares, deberán xestionar ao seu “risco e ventura”.

En canto os “non pagamentos”, estes se recollen no estudo económico-financieiro como previsión de menor ingreso a obter polo concesionario, ou, o que é o mesmo, como maior custo que supón un incremento no prezo do contrato. Neste aspecto, contemplado no apartado de “Outros custos servizos comúns” do estudo económico-financieiro que obra no expediente, se estima un custo por morosidade do 2% que ascende segundo o estudo económico a 15.000€. Esta Intervención entende que, da documentación obrante no expediente facilitada pola actual empresa concesionaria do servizo, se desprende que as porcentaxes de impagos nos trimestres nos que as liquidacións chegan a unha 4ª liquidación (que normalmente é a última), ronda entre o 3% e o 3,5% do importe dos padróns corrixidos.”

Vendo o contido deste informe parece quedar claro que a retribución do concesionario sempre dependerá do número de impagados no servizo, e que esta modalidade de retribución obedece o principio de “risco e ventura” que debe rexer nos contratos de xestión de servizo público como o que nos ocupa.

Ademais, neste informe xa se informaba que no estudo económico-financieiro (que formaba parte da documentación obrante no expediente de contratación) os non pagamentos figuraban como

“menor ingreso a obter polo concesionario”, ou, o que é o mesmo, como maior custo, estimando un custo por morosidade do 2% (informando esta Intervención que na documentación obrante no expediente de contratación as porcentaxes de impagos nos trimestres nas últimas liquidacións rondaban o 3% ou 3,5% dos padróns correxidos.

É dicir, se pon en coñecemento do órgano de contratación que a afirmación exposta polo recurrente non é correcta e que o Concello non terá que aboar o concesionario os importes que non consigan recadar en vía voluntaria e executiva, senón que estas posibles contías correspondentes os “impagados” forman parte do principio de risco e ventura que ten que existir nun contrato de xestión de servizos públicos (tal como se deducía na documentación obrante no expediente de contratación)”

E do enxeñeiro municipal de 18 de marzo de 2016:

“ASUNTO: INFORME SOBRE O RECURSO ORDINARIO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POR VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES RESPECTO DA DEDUCCIÓN NOS IMPORTES FACTURADOS COMO CONSECUENCIA DO INCUMPRIMENTO DO SERVIZO CONTRATADO.

INFORME DO ENXEÑEIRO

Revisado o recurso presentado por Valoriza Servicios Medioambientales con data 26 de febreiro de 2016 respecto das deducións nos importes facturados como consecuencia do incumprimento no servizo contratado, o abaixo asinante informa do seguinte.

Respecto do punto segundo recollido no documento de alegación onde se fai referencia a dedución de importes facturados por inversión comprometida pendente de execución e servizos non prestados informase dos seguintes puntos:

Tal e como queda constancia no informe do que suscribe e notificado a Valoriza Servicios Medioambientales de data 9 de novembro de 2015, no seu punto primeiro as **propostas de cambio na maquinaria solicitadas por Valoriza, non suporían en ningún caso unha paralización do prazo estipulado para a súa incorporación** (4 meses), prazo que ven descrito no prego de condicións que serviu de base para a licitación.

Polo tanto non ten cabida a alegación de Valoriza no relativo aos prazos de incorporación da maquinaria, cúa consecuencia son os retrasos na inversión comprometida.

No relativo as cantidades deducidas por servizos non prestados, a empresa INTO CONSULTING encargada da supervisión do servizo realizado por Valoriza, realiza os seus informes en base aos partes de traballo suministrados por Valoriza, polo tanto a empresa Valoriza ten coñecemento dos traballos realizados así como dos non realizados no seu servizo, respecto dos reflexados no proxecto.

Noutro punto Valoriza alega os incrementos de personal derivados da implantación da contenerización de carga lateral. Ditos custes deben ser asumidos pola empresa por entender que forman parte do propio proceso de implantación.

En opinión deste técnico as alegacións presentadas por valoriza respecto das cantidades deducidas da facturación debidas ao incumprimento na inversión comprometida e a servizos non prestados e descritos no proxecto de recollida de RSU, non están xustificadas, polo que se propón o mantemento destas deducións ata acadar o pleno cumprimento do proxecto.

E para que así conste, e a todos os efectos oportunos, emítese o presente informe en Poio, a 18 de marzo de 2016.

Asdo.: O enxeñeiro municipal José Luis Arias Rodríguez”

A Xunta de Goberno Local polo voto favorable dos seis membros presentes sendo este o seu número total de membros, e en exercicio das atribucións delegadas pola Alcaldía, por Decreto de 29 de xuño de 2015, de conformidade co disposto no art. 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, (modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro), **acorda:**

Primeiro: Desestimar o recurso de reposición presentado por Valoriza Servicios Mediambientales, S.A., con data 26 de febreiro de 2016 contra o acordo adoptado pola xunta de Goberno local de 25 de xaneiro de 2016 no que entre outros pronunciamentos se prestaba aprobación á dedución

dun importe de 28.566,83 euros da factura nº 14 correspondente ao cuarto bimestre de 2015 (1ª liquidación), en atención ao contido dos informes técnicos municipais.

Segundo: Dar traslado do presente acordo a Valoriza Servicios Mediambientales, S.A., con indicación de que Contra ao mesmo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer Recurso Contencioso-Administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ó da súa notificación, consonte ao establecido no artigo 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes conforme a Dereito

Terceiro: Dar conta do presente acordo ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se celebre”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación dáse por enterada do contido do acordo adoptado número 13942 adoptado pola Xunta de Goberno Local.

4244.- RATIFICAR O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NÚMERO 13943, SOBRE O SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E LIMPEZA. LIQUIDACIÓNS PADRÓNS RSU QUINTO BIMESTRE DE 2015.- Dáse conta do acordo número 13943 adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión realizada o 11 de abril de 2016 sobre o servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e limpeza. liquidacións padróns RSU quinto bimestre de 2015 e que foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas con data 18 de abril de 2016 adoptándose o seguinte ditame: “Previa declaración de urxencia, por unanimidade de asistentes, dáse conta de dito acordo que, textualmente, di o seguinte: “13943.-SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E LIMPEZA. LIQUIDACIÓNS PADRÓNS R.S.U. QUINTO BIMESTRE DE 2015.-Previa declaración de urxencia polo voto favorable dos seis membros presentes sendo seis o seu número total de membros e de conformidade co disposto no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta do expediente tramitado pola intervención municipal respecto da liquidación da empresa Valoriza Servicios Medioambientales, S.A., quinto bimestre (exercicio 2015).

Obra no expediente informe emitido polo enxeñeiro municipal o catro de abril de 2016 no que se di o seguinte:

“[...] ANTECEDENTES

Informe do enxeñeiro titulado “INFORME DE TRANSFERENCIA DE ACTIVOS DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE R.S.U. A VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES”, de data 20/05/2015.

Informe do enxeñeiro titulado “INFORME SOBRE O PERÍODO DE TRANSICIÓN DA NOVA EMPRESA CONCESIONARIA DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RSU, VALORIZA”, de data 15/06/2015. (Data de rexistro de saída: 15/06/2015).

Escrito de Valoriza Servicios Medioambientales, S.A. con data 26/06/2015 que leva por título “PROPUESTA DE ADAPTACIÓN Y MEJORA DE LOS MEDIOS PARA LA REALIZACIÓN DEL SERVICIO DE RECOGIDA DE RSU Y LIMPIEZA VIARIA DEL CONCELLO DE POIO”. (Data de rexistro de entrada: 30/06/2015).

Informe do enxeñeiro “PROPOSTA DE ADAPTACIÓN E MELLORA DOS MEDIOS PARA A REALIZACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RSU E LIMPEZA VIARIA DO CONCELLO DE POIO” de data 16/06/2015.

Informe do enxeñeiro titulado “REFORMULACIÓN DAS PROPOSTAS DE ADAPTACIÓN E MELLORA DOS MEDIOS PARA A REALIZACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RSU E LIMPEZA VIARIA DO CONCELLO DE POIO”, de data 06/08/2015. (Data de rexistro de saída: 07/08/2015).

Oficio da alcaldía sobre o asunto “ENTREGA A VALORIZA SISTEMAS MEDIOAMBIENTALES, S.A. DA DOCUMENTACIÓN DOS VEHÍCULOS DE RECOLLIDA DE RSU E LIMPEZA VIARIA EN ACTIVO QUE CESPA, S.A. REVERTEU Ó CONCELLO DE POIO”, de data 10 de agosto de 2015. (Data de rexistro de saída: 10/08/2015).

Acta de “ENTREGA A VALORIZA SISTEMAS MEDIOAMBIENTALES, S.A. DA DOCUMENTACIÓN DOS VEHÍCULOS DE RECOLLIDA DE RSU E LIMPEZA VIARIA EN ACTIVO QUE CESPAS, S.A. REVERTEU Ó CONCELLO DE POIO” asinada polo enxeñeiro municipal e polo xefe de servizo de Valoriza Servicios Medioambientales, S.A., de data 12/08/2015.

Informe do enxeñeiro titulado “ACORDOS E COMPROMISOS RELATIVOS Ó SERVIZO DE RECOLLIDA DE RSU E LIMPEZA VIARIA DO CONCELLO DE POIO”, de data 13/10/2015. (Data de rexistro de saída: 14/10/2015).

Escrito de Valoriza Servicios Medioambientales, S.A. con data 20/10/2015 que leva por título: CRONOGRAMA DE INCORPORACIÓN DE LA MAQUINARIA Y CONTENEDORES AL “SERVICIO DE RECOGIDA DE RSU Y LIMPIEZA VIARIA DEL CONCELLO DE POIO” POR PARTE DE VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES. (Data de rexistro de entrada: 20/10/2015).

Escrito emitido desde o Concello de Poio a ECOEMBES sobre o asunto: DELEGACIÓN DE FLUJOS ECONÓMICOS EN LA EMPRESA QUE REALIZARÁ EL SERVICIO DE RECOGIDA DE ENVASES LIGEROS DEL CONCELLO DE POIO”. (Data de rexistro de saída: 27/10/2015).

Escrito de Valoriza Servicios Medioambientales, S.A. con data 29/10/2015 que leva por título: IMPLANTACIÓN DE LAS MEJORAS RECOGIDAS EN LA OFERTA PRESENTADA POR VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES PARA EL “SERVICIO DE RECOGIDA DE RSU Y LIMPIEZA VIARIA DEL CONCELLO DE POIO”. (Data de rexistro de entrada: 30/10/2015).

Informe do enxeñeiro titulado “CONTESTACIÓN A SU ESCRITO EN REALIZACIÓN A COMPROMISOS DE INCORPORACIÓN DE MAQUINARIA Y OTROS RELATIVOS AL SERVICIO DE RECOGIDA DE RSU Y LIMPEZA VIARIA DEL CONCELLO DE POIO.”, de data 09/11/2015. (Data de rexistro de saída: 09/11/2015).

Escrito de Valoriza Servicios Medioambientales, S.A. con data 18/11/2015 que leva por título: COMPROMISOS DE INCORPORACIÓN DE MAQUINARIA Y OTROS RELATIVOS AL SERVICIO DE RECOGIDA DE RSU Y LIMPIEZA VIARIA DEL CONCELLO DE POIO. (Data de rexistro de entrada: 18/11/2015).

Informe do enxeñeiro titulado “INFORME DO ESTADO ACTUAL DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RSU ADXUDICADO A VALORIZA”, de data 18/11/2015.

INFORMES DE INTO VALORANDO O SERVIZO DE VALORIZA CORRESPONDENTE AOS MESES DE OUTUBRO E NOVEMBRO.

INFORMES DE INTO VALORANDO O SERVIZO DE VALORIZA CORRESPONDENTE AOS MESES DE DECEMBRO DE 2015, XANEIRO E FEBREIRO DE 2016.

INFORME

MES DE DECEMBRO 2015

Tendo como base o informe de INTO Consulting relativos a valoración do servizo levado a cabo por VALORIZA durante o mes de decembro de 2015, pódese concluír que no mes de DECEMBRO de 2015 a empresa VALORIZA ten pendente de execución o 63,87% da inversión comprometida a amortización e financiación, o que resulta nun valor de **5.183,00 €**

Por outra banda a valoración dos servizos comprometidos e non realizados por VALORIZA correspondentes a tratamentos de limpeza viaria durante o mes de DECEMBRO de 2016, pon de manifesto un grao de incumprimento do **49%**, supoñendo unha mellora respecto dos meses anteriores pero lonxe das xornadas comprometidas contractualmente. Ente incumprimento mostra un saldo de xornadas de traballo comprometidas e non executadas de **58,25** valoradas en **6.075,55€**

En conclusión podese deducir da facturación o importe total correspondente ao mes de decembro de 2015 de $5.183,00 + 6.075,55 = 11.258,55 €$ (sin I.V.A) correspondendo esta cantidade ao incumprimento na inversión e ao incumprimento nas xornadas comprometidas contractualmente durante o mes de Decembro de 2015.

MES DE XANEIRO 2016

Tendo como base o informe de INTO Consulting relativos a valoración do servizo levado a

cabo por VALORIZA durante o mes de xaneiro de 2016, pódese concluír que no mes de XANEIRO de 2016 a empresa VALORIZA ten pendente de execución o 21,58% da inversión comprometida a amortización e financiación, o que resulta nun valor de **3.096,00 €**

Por outra banda a valoración dos servizos comprometidos e non realizados por VALORIZA correspondentes a tratamentos de limpeza viaria durante o mes de xaneiro de 2016, pon de manifesto un grao de incumprimento do **25%**, supoñendo unha mellora respecto dos meses anteriores pero lonxe das xornadas comprometidas contractualmente. Ente incumprimento mostra un saldo de xornadas de traballo comprometidas e non executadas de **36** valoradas en **3.640,55€**

*En conclusión podese deducir da facturación o importe total correspondente ao mes de decembro de 2015 de **3.096,00 + 3.640,55= 6.736,55€** (sin I.V.A) correspondendo esta cantidade ao incumprimento na inversión e ao incumprimento nas xornadas comprometidas contractualmente durante o mes de Xaneiro de 2015.*

MES DE FEBREIRO 2016

Recibido e estudiado o informe de INTO Consulting relativos a valoración do servizo levado a cabo por VALORIZA do mes de febreiro de 2016, pódese concluír que no mes de FEBREIRO a empresa VALORIZA ten pendente de execución o 21,58% da inversión comprometida a amortización e financiación, o que resulta nun valor de 2.896,00 €

Por outra banda a valoración dos servizos comprometidos e realizados por VALORIZA correspondentes a tratamentos de limpeza viaria melloraron notablemente durante o mes de FEBREIRO, poñendo de manifesto un cumprimento do 96%, supoñendo unha mellora respecto do mes de xaneiro do 600%, cumprindo nalgúns servizos con mais horas (ata un 250%) respecto do contratado e noutros non cumprindo, pero arroxando en conxunto un balance moi positivo.

En conclusión podese deducir da facturación o importe correspondente ao mes de febreiro de **2.896,00€** (sin I.V.A) correspondendo esta cantidade ao incumprimento na inversión comprometida no mes de Febreiro.

Resumen das cantidades a deducir:

Mes de Decembro 2015	11.258,55 €
Mes de Xaneiro 2016	6.736,55 €
Mes de Febreiro 2016	2.896,00 €
TOTAL	20.891,10 €

E para que así conste, e a todos os efectos oportunos, emítese o presente informe en Poio, a 4 de abril de 2016. Asdo.: O enxeñeiro municipal José Luis Arias Rodríguez”.

E informe de fiscalización de intervención de data 5 de abril de 2016:

“ASUNTO: Valoriza Servizos Medioambientais, S.A. - Liquidacións Padróns R.S.U. quinto bimestre 2015 (1ª Liquidacións).

Vista a liquidación da empresa Valoriza Servicios Medioambientales, S.A do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos emítese o seguinte INFORME:

A liquidación presentada presenta o seguinte resumo:

4º BIMESTRE 2015: (1ª Liquidación)

Total a favor do Concello (Recadación)	193.696,31 €
Total a favor de VALORIZA	118.692,15 €
Saldo a favor do Concello	75.004,16 €

Así, encontrando a liquidación conforme, procede:

1º.- Aprobar a liquidación anterior a favor do Concello, correspondente ao quinto bimestre de 2015 (1ª Liquidación), ascendendo o importe da mesma a 193.696,31€, importe que foi ingresado pola empresa VIAQUA na entidade Abanca na conta restrinxida que o Concello ten aberta na mesma.

2º.- Aprobar a factura nº 18 emitida con data 16/03/2016 por importe de 118.692,15€ correspondentes ao quinto bimestre de 2015 (1ª liquidación), sendo a mesma conforme ao modo de pago establecido no Prego de Cláusulas Administrativas que rexen o Contrato Administrativo de xestión

indirecta do Servizo Público de Recollida de residuos sólidos urbanos, correspondendo así o importe a favor da concesionaria a suma do importe cobrado no correspondente bimestre pola taxa de recollida de residuos (81.451,02€) e o diferencial (constituído pola diferenza entre o prezo bimestral a pagar polo Concello, 115.923,92€, e o importe do Padrón de recollida de lixo, 89.472,99€) incrementado co I.V.E. do 10%.

Na aplicación 1621.22799 do orzamento do exercicio 2016 existe crédito suficiente para proceder á aprobación da factura mencionada.

3º Con data 4 de abril de 2016 o enxeñeiro municipal emite informe con relación á “Valoración do servizo realizado por Valoriza baseado nos informes realizados por Into, mes de febreiro”. No mencionado informe, e partindo dos informes realizador por Into Consulting relativos á valoración do servizo levado a cabo por Valoriza nos meses de decembro de 2015, e xaneiro e febreiro de 2016, informa das contías que procede deducir sendo as seguintes:

Mes de Decembro 2015 11.258,55 €

Mes de Xaneiro 2016 6.736,55 €

Mes de Febreiro 2016 2.896,00 €

Importe total a deducir: 20.891,10 €

Deberá polo tanto a Xunta de Goberno Local, no caso de estimalo oportuno, acordar a dedución da contía proposta polo técnico municipal, con cargo á factura nº 18 emitida con data 16/03/2016 por importe de 118.692,15€ correspondente ao quinto bimestre 2015”.

E proposta de Alcaldía de 5 de abril de 2016:

“Con relación á liquidación dos Padróns R.S.U. quinto bimestre de 2015 (1ª Liquidacións), vista a liquidación da empresa Valoriza Servicios Medioambientales, S.A. do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos, a documentación obrante no expediente e o informe da Intervención de data 5 de abril, PROPOÑO:

1º.- Aprobar a liquidación anterior a favor do Concello, ascendendo o importe da mesma á cantidade de 193.696,31€.

2º.- Aprobar a factura nº 18 emitida con data 16/03/2016 por importe de 118.692,15€ correspondentes ao quinto bimestre de 2015 (1ª liquidación).

3º.- Coñecido o contido do informe emitido polo enxeñeiro municipal con data 4 de abril de 2016 relativo a “Valoración do servizo realizado por Valoriza baseado nos informes realizados por Into, mes de febreiro”, no caso de que a Xunta de Goberno Local así o acorde, corresponderá aplicar un desconto por importe de 20.891,10€ en virtude dos datos deducidos do mencionado informe técnico e dos informes emitidos pola empresa INTO CONSULTING correspondentes á prestación do servizo nos meses de decembro de 2015 e xaneiro e febreiro de 2016.

3º.-Ordenar o pago da mesma previo traslado aos departamentos de Intervención e Tesourería aos efectos oportunos”.

A Xunta de Goberno Local polo voto favorable dos seis membros presentes sendo este o seu número total de membros, e en exercicio das atribucións delegadas pola Alcaldía, por Decreto de 29 de xuño de 2015, de conformidade co disposto no art. 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, (modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro), **acorda:**

Primeiro: Tomar coñecemento do informe emitido polo enxeñeiro municipal con data 4 de abril de 2016 transcrito no presente acordo, prestando aprobación ao descontos por incumprimento na prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria pola empresa Valoriza Servicios Medioambientales, S.A., descritos no devandito informe correspondentes ao meses de decembro 2015 e xaneiro e febreiro de 2016, por un importe total de 20.891,10 euros.

Segundo: Prestar aprobación á proposta da Alcaldía e así:

1º.- Aprobar a liquidación anterior a favor do Concello, ascendendo o importe da mesma á cantidade de 193.696,31€.

2º.- Aprobar a factura nº 18 emitida con data 16/03/2016 por importe de 118.692,15€ correspondentes ao quinto bimestre de 2015 (1ª liquidación).

3º.- Coñecido o contido do informe emitido polo enxeñeiro municipal con data 4 de abril de 2016, aplicar un desconto por importe de 20.891,10€ en virtude dos datos deducidos do mencionado informe

técnico e dos informes emitidos pola empresa INTO CONSULTING correspondentes á prestación do servizo nos meses de decembro de 2015 e xaneiro e febreiro de 2016.

4º.-Ordenar o pago da mesma previo traslado aos departamentos de Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.

Terceiro: Dar traslado do presente acordo a Valoriza Servicios Medioambientales, S.A., con indicación de que, de conformidade co artigo 52.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, **por pór fin á vía administrativa** contra o mesmo pode directamente no prazo de 1 mes, desde a notificación, interpor o recurso potestativo de reposición perante a Alcaldía, de conformidade co disposto nos artigos 107.1 e 116.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999 pola que se modifica a primeira ou ben directamente Recurso Contencioso-Administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte ao establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este deberá ser resolto e notificado no prazo de 1 mes segundo establece o artigo 117.2 da antedita Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 43.2 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, podendo entón os interesados interpoñer o recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de 6 meses contados desde o día seguinte daquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ao establecido no artigo 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte a Dereito.

Cuarto: Dar conta do presente acordo ao Pleno para a súa ratificación na primeira sesión ordinaria que se celebre.”

Toma a palabra Dª Paula E. Ramos Díaz, secretaria xeral deste Concello, para indicar que unha vez emitido informe do enxeñeiro municipal comprensivo dos meses de decembro, xaneiro e febreiro e reiteradas as consideracións que motivaron a aplicación dun primeiro desconto, procedeuse a doptar novo acordo pola Xunta de Goberno Local. Máis por motivos operativos, deberíase dar cobertura a unha delegación específica en favor deste órgano colexiado para os efectos de evitar un dobre pronunciamento de Xunta de goberno e Pleno, sen prexuízo da debida información a éste último.”.

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou prestar aprobación ao acordo nº 13943 de Xunta de Goberno Local de data 11 de abril de 2016 e propor ao Pleno a súa aprobación.”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros acordou

Primeiro: Ratificar o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local número 13943 con data 11 de abril de 2016.

Segundo: Prestar aprobación á delegación específica en favor da Xunta de Goberno Local para aplicar nas facturas os correspondentes descontos que puidesen proceder no seu caso por incumprimento na prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria pola empresa Valoriza Servizos Medioambientales, SA, debendo dar conta ao Pleno para o seu coñecemento e control na seguinte sesión que se celebre.

4245.- URBANISMO, DAR CONTA DO ACORDO NÚMERO 13941 ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL SOBRE O CATÁLOGO DA PAISAXE.- Dáse conta aos membros presentes do acordo número 13941 adoptado pola Xunta de Goberno Local con data 11 de abril de 2016 e que di textualmente: “13941.-URBANISMO. CATÁLOGO DA PAISAXE.-Previa declaración de urxencia polo voto favorable dos seis membros presentes sendo seis o seu número total de membros e de conformidade co disposto no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización,

funcionamento e réxime xurídico das entidades locais dáse conta do escrito remitido pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio pola que dan coñecemento da apertura dun trámite de audiencia con motivo da tramitación do Catálogo da paisaxe.

Rematando o día 12 de abril de 2016 o prazo, os concelleiros D. Xulio Barreiro Lubián e D. Gregorio Agís Gómez realizan seguintes achegas:

“Xulio Barreiro Lubián, concelleiro do BNG e D. Gregorio Agís Gómez, concelleiro do PSOE, na corporación que preside, presentan as seguintes propostas co fin de sexan remitidas ao Instituto de Estudos do Territorio para ser incorporadas o Catálogo das paisaxes de Galicia.

Tendo coñecemento de que se encontra a exposición pública o Catálogo das paisaxes de Galicia, e unha estudado o seu contido, consideramos que no mesmo se omitiron ou cometeron erros ao respecto de lugares, paisaxes e monumentos que coa súa corrección ou incorporación melloran o mencionado estudo.

1.- Na páxina 10 no apartado “Organización funcional. Núcleos de poboación e vías de comunicación do capítulo VIII.1.1 faise referencia ás vías de comunicación máis importantes que conectan Pontevedra e Poio, citando a comarcal PO-308, sen embargo, non se fai mención a Alternativa norte, a VG-

2.- Na páxina 20, dentro do capítulo VIII.4.1 “Valores naturais e ecolóxicos”, bótase de menos que se mencione como espazo natural de interese a ensenada de A Seca comprendida entre Combarro, Campelo e a Illa de Tambo.

3.- Nos planos que representan a comarca de Pontevedra reflectidos nas páxinas 145 e seguintes, a Illa de Tambo aparece mal denominada xa que o seu nome aparece en Lourido e a Illa está representada co nome de Marín.

4.- Nas páxinas 164 e 165 menciónanse varias rutas de sendeirismo da comarca de Pontevedra. Non aparecen as rutas dos Muíños de Samieira e da Freixa en San Xoan.

5.- Na páxina 162 e 163 reflíctense determinados bens de interese cultural e patrimonial da Comarca. Bótase de menos o Pazo de González Besada xunto co seu xardín en San Salvador. Neste xardín existen árbores únicos en Galicia. Non se reflícten tampouco o Pazo de Ferreiros, a Casa natal de Cristobal Colón e os pazos da familia Mon no Casal e no Convento..

6.- No apartado dos miradores, non se fai mención aos miradores existentes na ladeira Sur do Monte Castrove denominados Buranda, Tartaruga e Loureiro.

7.- Igualmente debería figurar a o Parque das secuioas e área recreativa do Monte Castrove.

Poio, 11 de abril de 2016. Xulio Barreiro Lubián. Gregorio Agís Gómez”.

A concelleira M^a Consuelo Besada Lores fai referencia a outro mirador que merecería ser recollido igualmente, Monte Vacariza, Arén

A Xunta de Goberno Local **tendo en conta a necesidade de poder presentar as achegas municipais dentro do prazo marcado e por motivos de urxencia** polo voto favorable dos seis membros presentes sendo este o seu número total de membros, e en exercicio das atribucións delegadas pola Alcaldía, por Decreto de 29 de xuño de 2015, de conformidade co disposto no art. 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, (modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro), **acorda:**

Primeiro: Remitir á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Instituto de Estudos do Territorio, para os efectos de ser incorporadas ao futuro Catálogo da paisaxe as achegas transcricas no presente acordo:

1.- Na páxina 10 no apartado “Organización funcional. Núcleos de poboación e vías de comunicación do capítulo VIII.1.1 faise referencia ás vías de comunicación máis importantes que conectan Pontevedra e Poio, citando a comarcal PO-308, sen embargo, non se fai mención a Alternativa norte, a VG-4.8.

2.- Na páxina 20, dentro do capítulo VIII.4.1 “Valores naturais e ecolóxicos”, bótase de menos que se mencione como espazo natural de interese a ensenada de A Seca comprendida entre Combarro, Campelo e a Illa de Tambo.

3.- Nos planos que representan a comarca de Pontevedra reflectidos nas páxinas 145 e seguintes, a Illa de Tambo aparece mal denominada xa que o seu nome aparece en Lourido e a Illa está representada co nome de Marín.

4.- Nas páxinas 164 e 165 menciónanse varias rutas de sendeirismo da comarca de Pontevedra.

Non aparecen as rutas dos Muíños de Samieira e da Freixa en San Xoan.

5.- Na páxina 162 e 163 reflíctense determinados bens de interese cultural e patrimonial da Comarca. Bótase de menos o Pazo de González Besada xunto co seu xardín en San Salvador. Neste xardín existen árbores únicos en Galicia. Non se reflicten tampouco o Pazo de Ferreiros, a Casa natal de Cristobal Colón e os pazos da familia Mon no Casal e no Convento..

6.- No apartado dos miradores, non se fai mención aos miradores existentes na ladeira Sur do Monte Castrove denominados Buranda, Tartaruga, Loureiro E Monte Vacariza, Arén.

7.- Igualmente debería figurar a o Parque das secuoiás e área recreativa do Monte Castrove

Segundo: Dar conta do presente acordo ao Pleno para os efectos da súa ratificación na primeira sesión que celebre.

Terceiro: Dar conta do presente acordo á Comisión Informativa de Urbanismo na primeira sesión ordinaria que celebre en cumprimento do establecido no art. 126.2º do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro.”.

Consta no expediente ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 12 de abril de 2016 así como a documentación xustificativa de data 12 de abril de 2016 de remisión do devandito acordo número 13941 ao Instituto de Estudos do Territorio dentro do prazo de audiencia establecido.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por unanimidade de asistentes acordou ratificar o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local número 13491 do 11 de abril de 2016 de achegas municipais para ser incorporadas ao Catálogo da Paisaxe tramitado pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

4246.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA ZONA DE XOGO HOMOLOGADA E ACCESIBLE, ASÍ COMO UN PARQUE BIOSAUDABLE NO ENTORNO DE PORTELIÑA (SAN SALVADOR).- Previa declaración de urxencia polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros dáse conta da moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular e que di o seguinte: “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 39 da Constitución Española, relativo á familia e aos nenos, sinala no seu 4º apartado que os nenos e as nenas “gozarán da protección prevista nos acordos internacionais que miran polos seus dereitos”. O principal destes acordos é a Convención dos Dereitos do Neno, do 20 de novembro de 1989, ratificada por España o 30 de novembro de 1990.

Este tratado establece, no seu artigo 30.1º que os estados “recoñecen o dereito do neno ao descanso e ao esparexemento, ao xogo e ás actividades de lecer propias da súa idade e a participar libremente na vida cultural e nas artes”.

Similar protección ofrece a Carta Europea dos Dereitos do Neno, ratificada por resolución do Parlamento Europeo en 1992, que garante o dereito de todos os nenos e nenas ao lecer, ao xogo e á participación voluntaria en actividades deportivas, así como ao desfrute de actividades sociais, culturais e artísticas”.

Nos ámbitos español e galego, a lei orgánica 1/1996 do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, baseándose nos devanditos dereitos dos nenos recollidos nos tratados internacionais asinados por España, establece a obriga, por parte das administracións públicas, de ter en conta as necesidades dos menores de idade ao exercer as súas competencias.

Por último, a Lei 3/1997, galega da familia, a infancia e a adolescencia, establece que tódolos membros da familia gozarán dos dereitos individuais e colectivos recoñecidos pola Constitución, os tratados internacionais, e outros recoñecidos no ordenamento xurídico.

É evidente, polo que antecede, que a garantía do esparexemento e o lecer infantil debe tomarse en consideración no exercicio das atribucións das Administracións públicas, incluídos os Concellos, estando obrigados a poñer a disposición dos veciños máis novos espazos e entornos homologados, accesibles e controlados para esparexerse e participar de xogos e actividades concordes á súa idade.

Así mesmo, a Organización Mundial da Saúde recomenda, dentro dos seus principios de “envellecemento saudable”, a práctica moderada da actividade física, e recomenda ás Administracións Públicas que acheguen os medios para que os cidadáns poidan practicala.

Entre os beneficios que reporta unha actividade aeróbica moderada nos cidadáns maiores de 60 anos, se inclúe o descenso de mortalidade por todas as causas, pero en particular por cardiopatía coronaria, hipertensión, accidentes cerebrovasculares, diabetes, depresión, e distintos tipos de cancro. Así mesmo, a actividade física moderada durante a coñecida como “terceira idade” resulta nun mellor funcionamento dos sistemas cardiorrespiratorio e muscular e melloras xeneralizadas na saúde física e mental.

Os beneficios da actividade física regular e moderada non se limitan ás persoas maiores, senón que segundo a OMS, son un factor fundamental na “prevención da dependencia” en todos os cidadáns a partir dos 40 anos, e as políticas públicas en todos os ámbitos, tamén o municipal, que busquen garantir a saúde dos veciños deben ter en consideración a dispoñibilidade de espazos onde os cidadáns poidan realizar unha actividade física saudable e segura.

Os coñecidos como “parques biosaudables” son espazos, situados xeralmente en contornos urbanos, con equipamento e condicións que permitan aos cidadáns manter a forma física e realizar exercicio físico centrado na mobilidade, a flexibilidade e a tonificación muscular.

Un lugar de Poio onde ambos dereitos –ao lecer infantil e ao exercicio físico saudable dos adultos e maiores- non están plenamente garantidos é na veciñanza da Avenida Porteliña. As características da zona dificultan que os nenos poidan xogar con seguridade e os adultos e persoas maiores non dispoñen de lugares seguros, abertos e humanizados para pasear ou facer exercicio, tendo que desprazarse a outros lugares do Concello a unha distancia e nunhas condicións que o fan impracticable para os que máis o precisan: os nenos e os maiores.

A única estrutura de espaxemento infantil –o reducido espazo de xogos xunto ao Centro de Saúde- é moi insuficiente para as necesidades da poboación.

Na zona conformada polos núcleos de Porteliña, Viñas e Anafáns (onde residen os usuarios potenciais da zona de lecer proposta) viven 1.160 veciños (IGE, datos 1 de xaneiro de 2015) dos que un 16% son menores de 15 anos e un 23 % ten máis de 60 anos. Así, os colectivos máis directamente beneficiados pola proposta da presente moción suman preto dun 40% da poboación destes núcleos.

Se engadimos aos veciños de máis de 40 anos (o 30% da poboación), seguindo as recomendacións da OMS, concluiríamos que a construción dunha zona de xogos infantil e un parque biosaudable nesta veciñanza beneficiaría directamente a un 70% dos veciños, ou máis de 800 usuarios.

Cómpre engadir que no principio do século a poboación nesta zona era de 762 veciños, sendo agora de 1.160, o que representa un crecemento da poboación de máis dun 50% en 15 anos, malia que as infraestruturas de lecer permaneceron sen cambios. Estes datos, ademais, non teñen en consideración o volume de usuarios do Centro Médico de Anafáns.

Estes usuarios, procedentes doutros puntos do Concello, son tamén usuarios potenciais e idóneos para o equipamento proposto, e resultarían moi beneficiados pola construción dunha zona de espaxemento, que mudaría a contorna do Centro de Saúde nun entorno accesible, inclusivo e saudable.

Consideramos que o custe desta instalación veríase amplamente compensado polos beneficios na saúde pública dos veciños e pola inxustiza cos veciños da Avenida Porteliña e a súa contorna que se leva cometendo tantos anos

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular no concello de Poio eleva ó Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1. Levar a cabo as actuacións necesarias para a construción dun parque infantil con zona de xogos homologada e accesible na contorna da Avenida Porteliña, co tamaño e o equipamento suficientes para dar servizo á poboación desa zona da parroquia de San Salvador e aos usuarios do Centro de Saúde de Anafáns.

2. Levar a cabo as actuacións necesarias para a construción dun parque biosaudable nun espazo compartido ou anexo ao anterior, especialmente pensado para o fomento da saúde dos veciños da terceira idade, que cumpra as condicións de tamaño e equipamento referidas no punto 1.

3. Promover a realización dun proceso de consulta pública coa veciñanza da zona para determinar o emprazamento máis axeitado para este novo espazo recreativo, tomando en consideración

os criterios espaciais e económicos de eficiencia que correspondan..”.

Toma a palabra a Sra. Cochón Castro que explica o contido da moción presentada baseada no dereito dos nenos e nenas así como das persoas maiores ao desfrute de tempo de lecer así como de actividades sociais e culturais, por iso solicitamos unha zona de xogo infantil así como instalación de biosaludables.

Pedimos que se instale nesta zona por dous motivos fundamentais: por ser demanda da veciñanza así como por los datos de estatística sendo un dos lugares de máis crecemento poboacional con máis de 1200 e desde o ano 2000 supuxo un incremento do 50%.

O plan xeral preveía varias zonas pero pola situación actual estes non se executaron e ademais sería convinte que se fixera unha consulta para buscar un adecuado emprazamento.

O Sr. Barreiro Lubián manifesta que están de acordo na execución deste tipo de instalacións que permite unha mellora nas condicións da mocidade así como nas persoas maiores, pero esta petición non coincide coas políticas do Partido Popular noutras administracións.

Estamos de acordo que a parroquia de San Salvador é a que ten máis crecemento de poboación com máis de 3000 habitantes pero tamén temos que destacar que é das zonas onde máis parques se crearon de 0 parques pasamos a 18.

Está claro que máis parques podería ser mellor, o problema sería a ubicación así como a adquisición dos terreos ou ordeación urbanística porque donde se puideron facer fixéronse.

Cremos que unha consulta para iso sería excesiva.

O Sr. Agís Gómez manifesta que o grupo socialista está de acordo en que se fagan parques en Porteliña, pero tamén hai que destacar que nese lugar é onde máis parques se realizaron Ferreirós, Ankar, Boa Vista...

parece desproporcionado realizar unha consulta para este tema aínda que cando se fixo o 1º parque en Poio en Raxó, Fraga fixera unha verbena esperpéntica.

A Sra. Cochón Castro di que as políticas do Partido Popular é a veciñanza de poio, por iso nos votamos a favor dos veciños.

Temos claro que en San Salvador hai parques pero nos pedimos que se realice nunha zona ou lugar específico porque nos consta que os nenos xogan no Colexio de Viñas.

O Sr. Martínez Blanco, a pesar de que están a favor, trátase dunha cuestión de ideoloxía aínda que agora o PP diga que non, porque no momento que entran a gobernar fan recortes, o que demostra que non lle importan os veciños de Poio.

O Sr. Lodeiro Cancela indica que tanto na zona de Viñas, onde está a escola unitaria así como en Anafans, hai parques biosaludables polo que non é certo todo o que se dixo.

A Sra. Besada Lores di que se ao Partido Popular lle interesaran os veciños de Poio reclamarían á Xunta todos os investimentos que están pendentes e non farían políticas de recorte porque cando pechamos o orzamento tiñabamos un remanente de 500000 e tivose que declarar non sostible.

Toma a palabra o Sr. Alcalde é di que realmente hai intereses porque nos expedientes de modificacións presupostarias que se trataron no pleno de hoxe, o PP abstívose, non se sabe moi ben o que significa esa votación, o gran problema sería a ubicación.

Unha vez rematada a quenda de intervencións sométese a votación a moción presentada a que queda aprobada polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Levar a cabo as actuacións necesarias para a construción dun parque infantil con

zona de xogos homologada e accesible na contorna da Avenida Porteliña, co tamaño e o equipamento suficientes para dar servizo á poboación desa zona da parroquia de San Salvador e aos usuarios do Centro de Saúde de Anafáns.

Segundo.- Levar a cabo as actuacións necesarias para a construción dun parque biosaudable nun espazo compartido ou anexo ao anterior, especialmente pensado para o fomento da saúde dos veciños da terceira idade, que cumpra as condicións de tamaño e equipamento referidas no punto 1.

Terceiro.- Promover a realización dun proceso de consulta pública coa veciñanza da zona para determinar o emprazamento máis axeitado para este novo espazo recreativo, tomando en consideración os criterios espaciais e económicos de eficiencia que correspondan.

MOCIÓNS URXENTES.- Non se producen.

ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.- Polo Sr. Muiños Balea fórmase a seguinte pregunta:

- Sobre as medidas de seguridade vial na zona da Canteira e retranqueo.
- O Sr. Alcalde di que se hai dúas semanas en Xunta de Goberno Local se acordou solicitar subvención á Deputación, dentro da liña de investimentos, para instalación de semáforos. A urbanización no muro está pendente para vindeira comisión de urbanismo.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte horas e trinta e dous minutos, da que se redacta a presente acta, de todo o que eu, Secretaria Xeral, dou fe.